

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE XUÑO 2007**

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

### **1. Informe do reitor**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da aprobación da reforma operada nos Estatutos da Universidade da Coruña na última sesión do Claustro, realizada o día 29 de maio.

Igualmente, informa da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), reunida en asemblea xeral o 26 de xuño, na Reitoría da Universidade Complutense de Madrid. Nela aprobouse un informe, que figura no **ANEXO II**, sobre os borradores de reais decretos de concurso de acceso e de acreditación para o acceso aos corpos docentes universitarios, presentados recentemente polo Ministerio de Educación e Ciencia. Este documento, que recolle a postura oficial da CRUE a respecto destes Reais Decretos, dá conta dos aspectos que os reitores das universidades españolas teñen debatido e analizado detidamente nesta asemblea e na anterior, que foi realizada o pasado día 5 de xuño. Como o texto foi preparado e redactado en primeira instancia pola Comisión Académica Sectorial das Universidades Españolas (CASUE), Comisión Sectorial da CRUE, que preside o reitor da Universidade de Sevilla, Miguel Florencio, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa do proceso de elaboración deste documento na CASUE, centrándose especialmente no tema da improcedencia da caducidade das acreditacións, no sistema de acreditación por ramas de coñecemento e na inclusión expresa do profesorado do INEF na normativa reguladora da acreditación. Finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor toma de novo a palabra e sinala que o documento en cuestión foi completado, logo da CASUE, coas observacións formuladas durante a asemblea. Despois da súa

análise pormenorizada, os reitores déronlle o visto e prace ao documento, que será remitido ao Ministerio para a súa toma en consideración durante a reunión do Consello de Universidades, convocada para un día despois desta asemblea.

O Sr. Reitor tamén aproveita este punto da orde do día para indicar que o Ministerio de Educación e Ciencia lle presentou ao Pleno do Consello de Universidades, reunido o 27 de xuño, un borrador de Real decreto que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, que figura como **ANEXO III**. Finaliza a súa intervención informando dos temas tratados na última reunión do Consello Galego de Universidades, que tivo lugar o día 25 de xuño, sinaladamente do borrador da normativa sobre prezos públicos aquí presentado; da última reunión do Consello Social da Universidade da Coruña, realizada o día 14 de xuño na cidade de Ferrol con motivo da visita ao parque tecnolóxico deste campus da Universidade da Coruña; e finalmente, da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do nomeamento do Sr. Guillermo Rojo Sánchez como Presidente do Consello de Dirección do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, en substitución do Sr. Manuel Cecilio Díaz y Díaz.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa de que xa está elaborada a Normativa de xestión académica para o curso académico 2007/2008, que será enviada a todos os centros. A respecto do curso anterior, modifícanse aqueles concretos apartados afectados pola aprobación da Lei orgánica 4/2007, do 12 abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro; e tamén, pola implantación da nova aplicación de xestión académica Xescampus. Remata a súa intervención indicando que o borrador da normativa lles foi enviado ás direccións de centros e aos responsables das administracións destes, que formularon unha cantidade importante de suxestións, moitas das cales foron incluídas na medida en que melloraban o contido da normativa.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa aos membros do Consello de Goberno da última reunión da Comisión Mixta de Universidades-Grupos Parlamentarios (Parlamento de Galicia), en que o director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia deu conta do proceso de implantación

do Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES) no sistema universitario de Galicia. Nesta reunión acordouse realizar outra para finais do mes de setembro. Conclúe a súa intervención co anuncio da posta en marcha do proceso de avaliación docente 2006/2007, que rematará o día 8 de xullo.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa da aprobación, na última sesión do Claustro realizada o día 29 de maio, do Estatuto do Estudantado da Universidade da Coruña. Tamén dá conta do próxima sinatura coa secretaria xeral de Emigración dun convenio para potenciar a presenza das universidades galegas nas comunidades galegas no exterior. Finaliza a súa intervención informando da nova composición do xurado de selección de bolsas do Ministerio de Educación e Ciencia e, por último, do borrador do Decreto de prezos públicos, en que se recolle a exención de pago ás persoas con discapacidade, ás persoas vítimas de actos terroristas e ás persoas vítimas de violencia de xénero.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e validacións de expedientes executadas desde a última sesión do Consello de Goberno. Realizáronse imputacións por valor de 16.248,71 euros, informando de tal feito á Comisión de Asuntos Económicos e validacións de expedientes por valor de 34.2702,15, tamén de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa da comunicación recibida da Dirección Xeral de Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia, concretamente do xefe do Departamento de Humanidades e Ciencias Sociais, en que se dá conta de que, dentro da ERA-NET (HERA) (Humanities in the European Research Area) se está creando un European Reference Index for the Humanities (ERIH) que cubrirá inicialmente 15 disciplinas (Antropoloxía, Arqueoloxía, Arte e Historia, Estudos Clásicos, Estudos de Xénero, Historia, Historia e Filosofía da Ciencia, Lingüística, Literatura, Musicoloxía, Estudos Orientais e Africanos, Investigación Educativa e Pedagogía, Filosofía, Psicoloxía e Estudos Relixiosos e Teoloxía). Neste escrito tamén se indica que esta listaxe de revistas xa se está a utilizar en Europa como índice de referencia na avaliación da investigación científica, razón pola que, con toda probabilidade, a maioría das materias

mencionadas se utilizarán tamén en España (á parte do feito de que se queren ampliar estas disciplinas con outras). A Sra. Vicerreitora indica que pode obterse máis información na páxina web [www.esf.org/erih](http://www.esf.org/erih). Igualmente, sinala que o CINDOC está poñendo en marcha dúas plataformas, que son RESH e DICE, de moita utilidade para a avaliación de revistas españolas de Ciencias Sociais e Humanas. Nelas trátase a avaliación desde unha perspectiva global, tendo en conta múltiples aspectos que, no seu conxunto, poden definir a calidade dunha revista (tales como os aspectos normativos, de xestión editorial, de difusión e impacto, valoración dos contidos científicos, presenza en bases de datos, criterios de admisión, entre outros). Para ter maior coñecemento do tema, remítese aos enderezos <http://resh.cindoc.csic.es> e <http://dice.cindoc.csic.es>. Toda esta información será enviada aos centros e aos departamentos das áreas implicadas. Remata a súa intervención sinalando que nos próximos días se publicará a convocatoria de cesión de espazos para a instalación de grupos de investigación da Universidade da Coruña no Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC).

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral que dá conta do nomeamento de D.<sup>a</sup> María Carmen Ramírez Gómez como directora do Departamento de Física, en substitución de D. Eulogio Jiménez Cuesta. E tamén do nomeamento de D.<sup>a</sup> Julia Pérez Iglesias como directora da Cátedra Jorge Juan, en substitución de D. Adolfo Rey Seijo, Xeneral de Brigada Médico.

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior**

**Apróbase**, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do día 15 de maio de 2007, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros, na Secretaría Xeral da Unversidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir co establecido no artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral informa dos 21 convenios que figuran no **ANEXO IV**, clasificados en convenios marco (2), convenios específicos (un total de 12) e convenios para prácticas (un total de 7) e que

cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Neste punto desexa intervir o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación para que os membros do Consello de Goberno reparen especificamente no convenio marco de colaboración entre o Instituto Cervantes e a Universidade da Coruña, por tratarse do primeiro convenio destas características que asina o citado Instituto cunha Universidade.

Os convenios en cuestión, que figuran no citado **ANEXO IV**, son **aprobados** por asentimento.

#### **4. Calendario de doutoramento e procedemento de admisión e matrícula nos doutoramentos regulados polo Real decreto 56/2005**

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen somete á aprobación do Consello de Goberno o calendario de estudos de doutoramento que figura no **ANEXO V**. Trátase, explica a Sra. Vicerreitora, do calendario de doutoramento correspondente ao Real decreto 778/1998, que é similar ao dos cursos anteriores e que foi aprobado pola Comisión de Doutoramento o pasado 12 de xuño. E trátase, tamén, do calendario correspondente aos estudos de doutoramento regulados polo Real decreto 56/2005, que foi aprobado pola Comisión de Posgrao na súa sesión do día 21 de xuño. Nos dous supostos, os prazos establecidos nos calendarios son idénticos.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Cao Abad, que se interesa pola coordinación entre as tres universidades galegas sobre este concreto apartado, **apróbbase** por asentimento o calendario de doutoramento que figura no **ANEXO V**.

Neste concreto punto da orde do día, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica tamén dá conta detalladamente do procedemento de admisión e de matrícula nos doutoramentos regulados polo Real decreto 56/2005, que figura como **ANEXO VI** e que foi aprobado pola Comisión de Posgrao na súa sesión do pasado día 21 de xuño. Trátase dun conxunto mínimo de instrucións, que será completado cando logo se aprobe todo o relativo ao doutoramento no Regulamento de estudos oficiais de posgrao.

**Apróbase** por asentimento o procedemento de admisión e de matrícula nos doutoramentos regulados polo Real decreto 56/2005, que figura como **ANEXO VI**.

### **5. Aprobación, se proceder, do procedemento de elaboración de guías docentes e de titulacións da Universidade da Coruña**

O Sr. Reitor concédelle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa do procedemento de elaboración de guías docentes e de titulacións que figura no **ANEXO VII**, que ten moita importancia na medida en que a súa existencia implica calidade no servizo público que presta a nosa universidade. Trátase, mediante a súa aprobación, de cumprir os requisitos de planificación que esixe o Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES) para incentivar a mobilidade, unha razón pola que tamén se pode concibir como un criterio de calidade para á obtención das acreditacións que correspondan. E trátase dunha guía estable a través da que se pretende substituír progresivamente o sistema tradicional.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Fernández López, quen se interesa pola chamada Unidade de Soporte á Docencia que figura na documentación citada. O Sr. Fernández López é partidario, sempre sobre a base de que non sexa realmente unha nova unidade (que non se axustaría a Relación de postos de traballo e con que non estaría conforme), do seu cambio de denominación, ao resultar máis pertinente falar dunha comisión, que debería estar baixo a responsabilidade dun coordinador. O Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización acepta estas suxestións e agradécelle ao Sr. Fernández López a súa intervención. Tamén toma a palabra a Sra. Regueiro Diehl simplemente para advertir que existen certos defectos no texto da documentación entregada, que deberían ser corrixidos. Remata esta quenda de intervencións o Sr. Rodríguez Gayán, que se interesa pola entrada en vigor, con carácter obrigatorio, deste procedemento. En resposta, o Sr. Vicerreitor indícalle que será obrigatorio a partir de abril do ano 2008.

**Apróbase** por asentimento, coas modificacións que se indicaron, o procedemento de elaboración de guías docentes e de titulacións que figura no **ANEXO VIII**.

## **6. Elección de representantes do estudiantado de terceiro ciclo na Comisión de Publicacións**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen explica o procedemento de elección do representante do estudiantado de terceiro ciclo na Comisión de Publicacións. Despois de se proceder á formalización das candidaturas, o Sr. Pérez de Castro renuncia á súa por non ter a condición de estudante de terceiro ciclo, polo que resulta proclamada como candidata só a Sra. Muiño Naveira, unha razón pola que é elixida como representante do estudiantado de terceiro ciclo na Comisión de Publicacións.

## **7. Elección do representante do persoal de administración e servizos do Consello de Goberno no Consello Social da Universidade da Coruña**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen explica o procedemento de elección do representante do persoal de administración e servizos do Consello de Goberno no Consello Social da Universidade da Coruña. Resulta elixido o Sr. Fernández López, despois de ser a única persoa deste sector da comunidade universitaria con representación no Consello de Goberno que formaliza a súa candidatura.

## **8. Proposta de resolución da convocatoria do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudante vinculadas ás necesidades docentes e á calidade investigadora**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa aos membros do Consello de Goberno que, por aplicación sempre dos criterios establecidos na convocatoria, se somete á aprobación deste Consello de Goberno a proposta que figura como **ANEXO IX** que conta co informe favorable da COAP. Nesta proposta están as solicitudes de catro grupos que xa obtiveron unha praza en anteriores convocatorias, a pesar de teren a puntuación final multiplicada por 0,6, tal e como establece a normativa. Trátase, polo demais, dunha convocatoria que está ligada a un programa extraordinario que está a piques de vencer, na medida en que tiña unha previsión de tres anualidades.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Profesorado quere aclarar unha vez máis que as prazas de axudante implican un compromiso claro de estabilidade, polo que a Universidade da Coruña se compromete á creación das prazas de promoción correspondentes, a medida que os axudantes obteñan a acreditación esixida para outras figuras de profesorado de maior categoría. O Sr. Vicerreitor tamén quere lembrar aos membros do Consello de Goberno que as prazas se crean a instancias dos grupos de investigación que teñen os méritos correspondentes, independentemente da carga docente da área de coñecemento pola que se solicitan mais, unha vez que son creadas, teñen o mesmo tratamento que calquera praza de axudante con compromiso de estabilidade e, por tanto, para os efectos de plano de organización docente (POD) contabilizan como 220 horas.

**Apróbase** por asentimento a proposta de resolución da convocatoria do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudante vinculadas ás necesidades docentes e á calidade investigadora, que figura no **ANEXO IX**.

## **9. Licenzas e permisos**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado manifesta, nos termos que figuran no **ANEXO X**, sobre as solicitudes de licenza para os efectos de docencia e investigación, para a realización de actividades investigadoras, que foi informada favorablemente pola COAP. Antes de procederse á quenda aberta de intervencións, o Sr. Vicerreitor de Profesorado explica o procedemento para a solicitude e a concesión, se proceder, dos chamados «anos sabáticos», que foi o seguido para denegar algunhas solicitudes en que non se cumprían os sete anos nos corpos docentes esixidos para tales efectos.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Ferreiro Baamonde, quen se interesa pola aplicación deste procedemento sobre o caso concreto do profesorado contratado, que tamén ten dereito a eses anos por aplicación do convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades de Galicia.



Tamén intervén o Sr. Dopico Calvo, cuxa intervención se centra non só na decisión da COAP sobre o ano sabático que solicitou o Sr. Fernández del Olmo, senón, por extensión, na súa implicación para os 47 profesores da Escala INEF Galicia, 45 dos cales pertencen ao Departamento de Educación Física e Deportiva desta universidade. Sen entrar a valorar a decisión da devandita comisión, que foi fundamentada na interpretación dunha normativa (a de aproveitamento de anos sabáticos), non entende a razón pola que se fixo esa interpretación de xeito tan restritivo, xa que a imprecisión da normativa permitiría ser máis flexible na súa interpretación, tendo en conta que nos Estatutos da Universidade da Coruña se deixa perfectamente claro quen se pode beneficiar deste tipo de licenzas. Así, a Normativa para o aproveitamento de anos sabáticos polo profesorado da Universidade da Coruña establece que, de acordo co disposto no artigo 86.5 dos Estatutos da Universidade da Coruña, os profesores da Universidade que exerzan a súa actividade nela durante un período mínimo de sete anos acollidos ao réxime de dedicación a tempo completo terán dereito a aproveitarse, cada sete anos, unha licenza dun ano, conservando todos os seus dereitos económicos e administrativos. A concesión destas licenzas, tras garantir a cobertura da docencia no departamento correspondente, corresponderá á Xunta de Goberno. Queda claro que os profesores da escala INEF Galicia: 1) son profesores da Universidade; 2) exerceron a súa actividade nela (todos eles durante máis de 7 anos); e 3) que o seu réxime de dedicación sempre foi a tempo completo (excepto un deles). Estas son as razóns polas que non entende a dificultade para lle recoñecer a este colectivo o seu dereito a beneficiarse, cada sete anos, dunha licenza dun ano, sempre e cando a interpretación desta normativa tivese como obxectivo premiar e máis no caso concreto deste profesor, o seu labor académico durante 9 anos na Universidade da Coruña, para facilitarlle a súa actividade investigadora mediante unha estada na Universidade de Berkeley (EEUU), a cal será rendibilizada tanto por el, como polas institucións a que representa (o departamento e a universidade).

De insistirmos na imprecisión da normativa, a cal permitiría unha interpretación menos restritiva da que se fixo, os Estatutos si deixan clara a intención deste tipo de licenzas. O artigo 86.5, a que fai referencia a devandita normativa, establece que "...o persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo, terá dereito, cada sete anos, a unha licenza por un ano..." Asemade, o artigo 69.1 establece que "...o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña estará composto por funcionarios

dos corpos docentes universitarios e por persoal contratado”. Á vista do exposto, está claro que o persoal da escala profesor INEF Galicia forma parte do PDI da UDC con dedicación a tempo completo (excepto un), e está en condicións de poder solicitar lexítimamente o aproveitamento do ano sabático. Definitivamente, esta interpretación que fai a COAP, a respecto deste colectivo, non favorece a súa normalización académica e administrativa na UDC e parece contraditorio que na universidade a que pertencen estea a atopar tantos atrancos administrativos cando, por outra banda, unha lei orgánica do estado español como a LOMLOU si se pronuncia ao recoñecer os seus dereitos adquiridos e ao normalizar actualmente unha situación previa que xa era de pleno dereito.

Finalmente, e á marxe das interpretacións que a COAP puidese facer da normativa e dos regulamentos sobre o particular, que por outro lado son anteriores aos actuais Estatutos e que, incluso, poderían entrar en contradición con estes, este colectivo da escala profesores do INEF ten clara e sobradamente demostrado que vén exercendo a súa actividade profesional na Universidade da Coruña, tal e como se pode comprobar mediante a lectura do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da USC á UDC (polo que o INEF de Galicia queda segregado á UDC como centro propio e adscrito); do Real decreto 1423/1992, do 27 de novembro (que dispón a incorporación das ensinanzas de educación física á universidade e que a Administración competente poderá proceder á integración dos actuais INEF e das súas ensinanzas nas universidades que corresponda; Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 22 de outubro de 1993 (polo que se homologaron as retribucións dos profesores do INEF coas do profesor titular da Universidade da Coruña); do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do INEF á Universidade da Coruña (que, no seu artigo 2 sobre o persoal docente, se volvía facer referencia á continuidade do labor que viña exercendo na UDC); do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre as retribucións do profesorado universitario (polo cal se lle reconece ao profesorado da escala INEF Galicia o dereito a solicitar os méritos docentes ou quinquenios que xa perciben desde hai anos). Non obstante, e logo de ter clara a lexislación que existe sobre este grupo de profesores da Universidade da Coruña, o principal dato que se debe ter en conta é a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo que, mediante a súa adicional quinta, crea a escala de profesores do INEF de Galicia, no corpo superior, grupo A, da

Administración xeral da Xunta de Galicia, e que ten como competencias as propias da función docente establecidas para o profesorado na Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria (LRU), é dicir, función docente universitaria. Logo desta exposición, en que se deixa clara a actividade de función pública docente que desenvolve e desenvolveu o profesorado da escala INEF de Galicia na UDC a tempo completo e durante mais de 7 anos (moitos deles desde que se creou esta universidade), entende o Sr. Dopico Calvo que está suficientemente xustificado o dereito a se beneficiar dos anos sabáticos.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado respóndelle sinalando que o procedemento que se seguiu no caso concreto a que aludía o Sr. Dopico Calvo foi seguido para todos os casos, que é, concretamente, o legalmente aprobado polos órganos de goberno da Universidade da Coruña, seguindo sempre o establecido polos Estatutos da nosa universidade que, neste apartado concreto se ven desenvolvidos pola norma aprobada no seu día no Consello de Goberno, que é o órgano competente para interpretar e aplicar a súa propia normativa, mesmo para proceder á súa modificación, se é necesario, o que obviamente suporía tamén un cambio na súa interpretación.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Casteleiro Maldonado, quen apoia totalmente a decisión do Sr. Vicerreitor de Profesorado, por ser precisamente a decisión tomada no seu día na COAP. Conclúe sinalando que o asunto pode ser tratado na COAP de novo, tendo en conta que a proposta do Sr. Vicerreitor de Profesorado partiu da COAP.

**Apróbanse** por asentimento as licenzas cuxos detalles se recollen no **ANEXO X**.

#### **10. Modificación, se proceder, da normativa de contratación de profesorado por adaptación á Lei orgánica 4/2007, do 12 abril, que modifica a LOU**

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado para darlles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación da normativa de contratación do profesorado que figura no **ANEXO XI**. Trátase dunha proposta que ten por finalidade, sempre segundo o Sr. Vicerreitor de Profesorado, encaixar os cambios provocados pola

promulgación da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modificou a LOU, mais tamén para axustarse ao establecido no convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades de Galicia.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Cao Abad González López e Casabella López, que dá lugar a certas suxestións para mellorar o texto inicialmente presentado e que son aceptadas polos membros do Consello de Goberno.

**Apróbase**, con certas modificacións a respecto do texto orixinario, a proposta de modificación da normativa de contratación do profesorado que figura no **ANEXO XII**.

### **11. Proposta de tribunais para o concurso de acceso de profesorado habilitado**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de tribunais para o concurso de acceso do profesorado habilitado que consta no **ANEXO XIII**. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor, trátase dunha proposta que é consecuencia da aprobación en sesións anteriores deste Consello de Goberno da proposta de dotación dun determinado tipo de prazas.

Despois da intervención do Sr. Vicerreitor, e sen que se producise ningunha intervención, **apróbase** por asentimento a proposta de tribunais para o concurso de acceso do profesorado habilitado que consta no **ANEXO XIII**.

### **12. Prazas de profesorado**

Neste concreto punto da orde do día, cuxa documentación figura no **ANEXO XIV**, o Sr. Vicerreitor de Profesorado aclara que se trata da creación de prazas vinculadas á aplicación dos criterios do Plano de Organización Docente (POD) aprobados nunha sesión anterior do Consello de Goberno. Explica que como docencia estrutural compútase a docencia de primeiro e segundo ciclo, así como o cómputo da actividade investigadora da área de coñecemento correspondente e esta resulta ser a cantidade que necesariamente debe terse en conta para a creación de prazas

de profesorado estables. En relación coas exencións correspondentes por cargos académicos, a docencia de terceiro ciclo, os proxectos fin de carreira que non estean incluídos no plano de estudos, as teses lidas polo profesorado, a obtención do título do DEA por aqueles profesores contratados inicialmente como diplomados, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos, así como a diferenza entre as 220 horas computadas para un axudante e as 60 que pode impartir, o Sr. Vicerreitor sinala que se computan todas elas para a contratación de profesores interinos de substitución.

Igualmente dálles conta aos membros do Consello de Goberno que a aplicación destes criterios foi revisada na mesa sindical e na correspondente comisión delegada deste Consello de Goberno e tamén que as propostas de prazas que se inclúen como anexo contan cos correspondentes informes favorables. As restantes prazas de axudante doutor e contratado doutor corresponden aos acordos de estabilidade e de promoción baseados na cualificación dos candidatos. Remata a súa intervención salientando que supuxo un total de 17.396 horas equivalentes de docencia e a previsión é que sexa maior en cursos posteriores, esta primeira inclusión no Plano de Organización Docente (POD) da actividade investigadora extraordinaria debida á valoración positiva realizada por pares dun período de seis anos de actividade, ser investigador principal de proxectos de investigación competitivos e ter dirixido teses de doutoramento.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Valderruten Vidal, Casabella López, Dopico Calvo e Cao Abad. Este último indica que poden existir certas disfuncións pola aplicación dos criterios antes sinalados en determinados casos, que se deberían ter en consideración para posteriores ocasións.

A proposta de creación de prazas de profesorado que figura no **ANEXO XIV** resulta **aprobada** por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

### **13. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde, quen intervén para manifestar a necesidade de que adopten medidas que garantan a recollida do lixo despois das festas que se celebran nos campus da Universidade da Coruña, porque entende que a idea de facer festas é moi boa, mais tamén a de que exista o compromiso de limpar unha vez que finalicen tales festas.

Toma a palabra o Sr. Cao Abad, quen se interesa na web institucional da Universidade da Coruña en que se promocionan os programas oficiais de posgrao e sinala que talvez poderían facerse algunhas melloras, tales como a de que existan ligazóns a puntos de información específicos para cada un deles. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea indícalle que xa están a tomar medidas precisamente no sentido que comentaba o Sr. Cao Abad. Remata a súa quenda de intervención manifestando as dificultades que, en determinadas ocasións, existen para acceder á Facultade de Informática a través de tarxeta habilitada para tales fins. No mesmo sentido que o Sr. Cao Abad, intervén o Sr. Valderruten Vidal para indicar que se están articulando medidas alternativas de acceso para os meses de xullo e agosto.

Toma a palabra o Sr. González Veira, quen en nome dos Comités Abertos de Facultade (CAF) quere manifestar a total oposición da súa asociación ao incremento desproporcionado e inxusto das taxas académicas, que supón máis un obstáculo para o acceso universal á educación superior, entre outras razóns, porque está por riba do IPC (1.6 puntos). Trátase dunha suba que, ademais de prolongar o incremento progresivo e a liña alcista das taxas por riba do IPC desde hai seis anos, penaliza o estudantado que formaliza a súa matrícula, porque, por primeira vez, a segunda matrícula é un 15 por cento máis cara que a primeira e a terceira un 35 por cento máis cara que a primeira. Conclúe esta parte da súa intervención indicando que o financiamento das universidades ten que incrementarse con cargo a un plano de financiamento e non con prezos públicos. Tamén aproveita a súa intervención para interesarse polo horario do transporte de pasaxeiros da compañía de tranvías da cidade da Coruña, que debería ter en conta a ampliación moi positiva dos horarios das aulas de estudo do campus de Elviña. A respecto desta última cuestión intervén o Sr. Vicerreitor de

Estudiantes indicándolle que xa se adoptaron as medidas para que o servizo de transportes estea garantido, aínda que a frecuencia do itinerario poida ser inferior por rexistrarse un número menor de usuarios. E a propósito da suba das taxas, tanto o Sr. Reitor como o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica coméntanlle que a postura da Universidade da Coruña foi, neste sentido, a de defender que a suba das taxas fose só a que correspondese pola suba do IPC, ao tempo que se demandaba un incremento do número de bolsas para o estudantado.

Toma a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso, quen intervén tamén para amosar, en nome do asociación Iniciativa Estudantil Galega (IESGA) que representa, a súa desconformidade coa suba de taxas académicas. Sinala que, no caso de que necesariamente teñan que incrementarse, a suba debería ser a mínima. Remata a súa intervención suxerindo que non coincidan as convocatorias de sesións do Claustro coas convocatorias de sesións das xuntas de centro, porque esta situación pode impedir a participación do estudantado neste órganos de goberno da nosa universidade.

Toma a palabra o Sr. Naveira Fachal, quen centra a súa intervención no sistema de financiamento do sistema universitario e indica que o importe destinado polo pagamento das matrículas só cubre o 20 por cento do financiamento e o resto cóbreo o Estado a través doutros medios, que recaen directamente sobre a cidadanía, tales como os fiscais.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Gayán, para intervenir a propósito do que se dixo en relación á convocatoria de xuntas de centro coincidentes coas do Claustro. Sobre a base de que hai membros dos equipos de dirección dos centros que non son membros do Claustro e, por tanto, non teñen coñecemento coa suficiente antelación das convocatorias do Claustro, entende que sería moi positivo articular medidas para que a dirección dos centros non convoque as súas sesións para os mesmos días en que está convocada unha sesión do Claustro, pois deste xeito poden evitarse situacións de solapamento.

Sen más asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas.